

AUTOR

Roberto Santiago

ILUSTRADOR

Enrique Lorenzo

TEMAS

Historia. Humor. Familia. Viaxes. Paz e guerra. Liberdade. Solidariedade e xustiza. Resolución de conflitos. Dereitos humanos

COMPETENCIAS

Plurilingüe. Persoal, social e de aprender a aprender. Cidadá. Emprendedora

N.º DE PÁXINAS: 232



# A aventura dos Balbuena no afastado Oeste

*Indios, vaqueiros, escravos... e os Balbuena!*

## POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque é o inicio dunha serie que mestura humor e aventuras e que pode ser de excelente axuda para cimentar o hábito lector. Porque lles amosa aos lectores aspectos relevantes da historia norteamericana: os síux, a guerra de Secesión e a vida no Oeste durante o século XIX. E porque, sen dúbida, os máis novos se sentirán reflectidos nos seus protagonistas, nas relacións que establecen entre eles e nos seus problemas cotiáns... aínda que sexa no afastado Oeste!

## RESUMO DO ARGUMENTO

Os Balbuena foron mercar unhas bicis: Sebas, os seus dous irmáns, o seu pai e a veciña Mari Carmen coa súa filla María. E mentres están no aparcadoiro, acontece: un ruído no ceo, un resplandor, un raio, e de pronto... aparecen en Black Rock! Alí coñecerán a cerna do salvaxe Oeste, cheo de vaqueiros, indios síux e escravos que foxen do sur. Por fortuna, conseguirán evitar unha terrible batalla e regresar a tempo ao buraco negro que os levará de volta a Moratalaz, pero... de onde saíron eses cabaleiros con espadas e armaduras?

## PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para todo tipo de lectores, xa que é unha lectura sinxela e con distintos niveis de afondamento. Resultará especialmente atraente para os amantes das viaxes no tempo e das ficcións que transcorren no afastado Oeste.

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

### INDIVIDUAL

Proponlles aos teus alumnos que escriban tres **feitos relevantes** ou de especial interese relacionados co libro ou cos seus personaxes; despois, deberán engadir outros dous que sexan falsos (por exemplo, *feitos que non ocorreron ou caracterizacións incorrectas dalgún personaxe*). Cando rematen, poden ler as frases en alto para que os seus compañeiros adiviñen cales son verdadeiras e cales non.

### PARELLAS

Relede xuntos a banda deseñada que aparece no capítulo 19 e recordade cal é a **situación que leva a Mari Carmen a bailar** o Gangnam Style. Pídelles aos teus alumnos que, en parellas, comenten a actitude dos vaqueiros que rodean a Mari Carmen e a forma que ten ela de resolver a situación. Que opinan disto? Que farían eles no lugar de Mari Carmen? A continuación, comentade en gran grupo as reflexións de cada parella.

### GRUPO

Na páxina 190, cando o ataque dos confederados e dos síux é inminente, Sebas quere facer algo, pero Billy e Alicia explícanlle que quedarán sentados «tan panchos», xa que «é o costume aquí; cada un vai ao seu». Organiza os teus alumnos en pequenos grupos e animaos a comentar a súa **actitude fronte ás dificultades e as inxustizas** que atopan eles individualmente ou que detectan na sociedade. Poden discutir por medio dalgúns exemplos: *situacións do centro, casos de desigualdade social* etc.

## TALLER DE ESCRITURA

Proponlles aos teus alumnos que fagan unha pesquida sobre outras obras de ficción (*filmes, series, libros ou videoxogos*) nas que aparezan **viaxes no tempo**. Logo, deberán escoller unha delas e escribir unha breve **recensión** na que recollan os datos técnicos, a sinopse e a súa opinión (ou a doutras persoas que coñezan a obra)